

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos seus integrantes **Yolanda Díaz Pérez, Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao uso de drones de carácter militar no aeródromo de Rozas.

Exposición de motivos

O presidente da Xunta de Galicia afirmou en reiteradas ocasións o carácter civil das actividades con drones das que a Xunta de Galicia participa no aeródromo de Rozas. En decembro do 2014, o presidente sinalaba que Rozas *“será el centro de cabecera del INTA en España para el desarrollo y el ensayo de tecnologías en aviones no tripulados de uso civil”*.

A publicación nos medios de comunicación das novas que dan conta da realización de diversas probas no devandito aeródromo neste mes de setembro permite aquilatar como honra a súa palabra o presidente Núñez Feijóo.

O día 12 de setembro unha aeronave non tripulada, modelo Searcher MK II J, aeronave militar que xa se empregou con resultados mortais na guerra imperialista de Afganistán, ou polo Estado de Israel nas súas prácticas terroristas de Estado, realizou un recorrido de hora e media de duración ao redor do aeródromo lucense, operado por control remoto, segundo informou o propio exército de terra.

Voo cuxo obxectivo era obter a autorización do INTA e acadar o certificado de aeronavegabilidade que precisan esas aeronaves no espazo aéreo europeo. Certifícase polo tanto unha aeronave militar nas instalacións do aeródromo de Rozas, desmentindo de xeito palmario a condición de civil que pronunciara en diversas ocasións o presidente da Xunta e os seus correligionarios no Parlamento Galego.

Probas que se desenvolveron baixo a atenta ollada dos militares desprazados, uns corenta militares, que denotan o pleno carácter civil das operacións con drones no aeródromo de Rozas que comprometerá o presidente Núñez Feijóo.

Polo referido o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate Plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a facer pública toda a documentación atinxente ás xuntanzas da Comisión de Seguimento e Coordinación convenida no Convenio de colaboración asinado o 5 de novembro do 2014 entre a Axencia Galega de Innovación, o IGAPE e o INTA?
- O Parlamento Galego reproba ao presidente da Xunta por ter mentido á Cámara e a cidadanía galega, ao afirmar un uso civil onde xa coñecemos probas de carácter militar.

En Compostela, a 21 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 21/09/2015 11:10:19

Ramón Vázquez Díaz na data 21/09/2015 11:10:22

Jose Javier Ron Fernandez na data 21/09/2015 11:10:27